INTRODUCIÓN

No ano 2022, no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia) conmemoramos o 250 aniversario do pasamento de frei Martín Sarmiento (1695-1772), grande erudito do Século das Luces e un auténtico namorado de Galicia e da súa lingua. Prestaríache saber máis sobre a súa figura e a súa obra?

Con esta guía, queremos achegarte á vida, ás viaxes, aos escritos e ao pensamento do padre Sarmiento. Para iso, non só terás que ler un pouquiño. Tamén poderás desfrutar aprendendo coa realización dun conxunto de actividades que esperamos que che resulten interesantes e entretidas.

Por outra banda, serás capaz de descifrar a mensaxe secreta que deixou o monxe oculta nestas páxinas? Aceptas o desafío?

Acompáñanos!

Copia gratuita / Personal free copy http://libros.csic.es